



PROTOCOLO

DE MEDIDAS DE SEGURIDADE E ORGANIZATIVAS NO DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE FRONTE Á PANDEMIA COVID-19.

Índice	páx
1.- XUSTIFICACIÓN.....	2
2.- DESTINATARIOS.....	3
3.- MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS.....	4
4.- RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS PREVENTIVAS NA ORGANIZACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS.....	7
4.1 RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS NA ORGANIZACIÓN.....	7
4.2 MEDIDAS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE ESPAZOS.....	8
5.- RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS PREVENTIVAS PARA AS PERSOAS PARTICIPANTES NOS PROCESOS SELECTIVOS..	10
5.1 TRIBUNAIS.....	10
5.2 ASPIRANTES.....	13
5.2.1 ADAPTACIÓNS POR ESPECIAL VULNERABILIDADE FRONTE A COVID-19.....	20
5.3 PERSOAL COLABORADOR.....	21
6.- MEDIDAS ADICIONAIS DE SEGURIDADE NO RECINTO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.....	26
7.- MEDIDAS DE SEGURIDADE DE VEHÍCULOS E TRANSPORTE DE MATERIAL.....	30
8.- MEDIDAS DE PROTECCIÓN DO PERSOAL DE SEGURIDADE.....	31
9.- MEDIDAS DE SEGURIDADE AO REMATE DA PROBA.....	31



1.- XUSTIFICACIÓN.

Debido ao escenario actual e á situación xerada pola evolución da pandemia COVID-19, cómpre o establecemento de medidas preventivas para evitar o contaxio e a propagación da enfermidade e adoptar, fronte ao risco de exposición do novo coronavirus SARS- CoV-2 , os medios necesarios para protexer a seguridade e saúde das persoas implicadas nos procesos selectivos que se celebren, en execución da Oferta de Emprego Público do Servizo Galego de Saúde, mentres dure a situación de crise sanitaria ocasionada pola pandemia COVID-19.

A redacción deste Protocolo de recomendacións e medidas dirixidas á protección da saúde antes, durante e despois da celebración das probas, realizouse seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias – Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde e Ministerio de Sanidade -.

No caso de que fose necesario, estas medidas preventivas deberán adaptarse ao transcorrer dos acontecementos e á regulación e ditados de instrucións, que no futuro poidan aprobarse por parte das autoridades competentes na materia.

2.- DESTINATARIOS.

As medidas contempladas neste Protocolo serán de obrigado e estrito cumprimento para os membros dos **tribunais, persoas aspirantes, persoal técnico, persoal colaborador** e resto de persoas implicadas nos procesos selectivos, que requiran dunha actividade presencial.

Co obxectivo de asegurar a súa máxima difusión e o cumprimento de todas as medidas que contén este Protocolo, e as sucesivas modificacións que, de ser o caso, se deban adoptar, estará a disposición de todas as persoas participantes nos diferentes procesos selectivos, na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), <https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/OPE-Oferta-Pública-de-Emprego>.

3.- MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS.

Para garantir a máxima seguridade sanitaria, establécense as seguintes medidas preventivas xerais para o desenvolvemento dos procesos selectivos:

- **MÁSCARAS:** Será **obligatorio** o uso de máscaras, aínda respectándose a distancia de seguridade, tanto nos espazos ao aire libre como nos espazos pechados de realización das probas ou reunións de tribunais. Para tal efecto, advertirase, a través de carteis informativos, da obriga da súa utilización no recinto de realización das probas e demais espazos pechados de reunión de persoas implicadas no proceso selectivo.

En espazos pechados, deberá empregarse máscara cirúrxica, que deberá procederse á súa substitución por outra, transcorridas **catro horas** da súa utilización.

A máscara debe cubrir o nariz e a boca e deberá estar ben axustada para evitar que saia o aire polas zonas laterais.

- **DISTANCIA INTERPERSOAL:** A distancia interpersoal de seguridade en espazos pechados será de **2 metros**.

- **HIXIENE DE MANS:** A hixiene de mans é fundamental para a prevención e control da infección. Advertirase a través de carteis informadores sobre o lavado de mans. Porase a disposición das persoas que interveñen no proceso selectivo (tribunais, persoal da organización, aspirantes), xeles hidroalcohólicos para tal fin.

Con carácter xeral **NON** se recomenda a utilización de luvas, pola FALSA sensación de seguridade.

Antes e despois do acceso a calquera recinto realizarase un lavado correcto de mans durante 40-60 segundos con auga e xabón ou ben durante 20-30 segundos con xel hidroalcohólico, se as mans están visiblemente limpas.

- **HIXIENE RESPIRATORIA:** Evitar contaminar as mans ao tusir ou esbirrar. Usar panos dun só uso para tapar a boca e o nariz e desbotar no lixo. Se non se dispón de pano, usar a parte interna do cóbado.

Evitar tocar ollos, nariz ou boca.

- **HIXIENE ESPAZOS PECHADOS:** Ventilación mínima de 15 minutos e limpeza de superficies máis usadas antes e despois de cada uso.

- **AFORO:** Aforo segundo recomendacións ditadas polas autoridades sanitarias. O aforo teórico máximo dun espazo calcularase dividindo a superficie útil transitable entre 4, tendo en conta que a área ocupada por unha persoa, que garante unha distancia de 2 metros a cada lado, é a xerada por unha área de $2 \times 2 = 4 \text{ m}^2$.
- Na medida do posible **MINIMIZARASE O CONTACTO VERBAL E FÍSICO** entre as persoas e **EVITARASE TOCAR OBXECTOS OU SUPERFICIES** cando non sexa estritamente necesario.

4.- RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS PREVENTIVAS NA ORGANIZACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS.

O obxectivo destas recomendacións e medidas é a protección da saúde e seguridade de todos/as os/as participantes nos procesos selectivos, a colaboración coas autoridades sanitarias para o control da propagación do virus, así como dar resposta fronte á ameaza epidemiolóxica e de contaxio de persoas co COVID- 19 e minimizar os efectos derivados desta situación, que deberán ser adaptadas ás particularidades de cada proceso selectivo e seguindo as recomendacións que as autoridades sanitarias establezan en cada momento.

4.1 RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS NA ORGANIZACIÓN.

Os responsables da organización dos procesos selectivos procederán, coa antelación suficiente, a publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde, antes da data de celebración das probas, a seguinte información:

- Listados de **distribución de aspirantes por porta**. Estes listados **NON** se facilitarán, para a súa consulta, no lugar de realización das probas, co fin de evitar aglomeracións.
- Información sobre a **organización e identificación de espazos** do lugar de realización das probas.

- Información sobre **itinerarios e medidas de acceso** dos/das aspirantes ao lugar da realización das probas.
- Información sobre as **recomendacións e medidas de protección** do lugar de realización das probas.
- Para diminuír o contacto social, os/as aspirantes disporán dun enderezo electrónico e un teléfono para atender as consultas, dúbidas ou incidencias que poidan xurdir ao longo dos procesos.

Enderezo electrónico: oposicions@sergas.es.

Teléfono: 881-542817/548659

4.2 MEDIDAS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE ESPAZOS.

Procederáse con antelación á limpeza e desinfección dos espazos a utilizar de maneira presencial, prestando especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como picaportes de portas, mesas, cadeiras, interruptores e equipos informáticos. Rematado o tempo de ocupación, procederáse de novo á limpeza completa de todo o espazo.

Intensificaráse a ventilación aireando como mínimo **15 minutos antes e despois de cada reunión.**

Durante o desenvolvemento das reunións, deberá efectuarse a ventilación do espazo ocupado **durante 10 minutos cada hora.**

Os espazos disporán de xeles hidroalcohólicos para a hixiene de mans e papeleiras para uso dos participantes.

A Subdirección Xeral de Selección de Persoal dependente da Dirección Xeral de Recursos Humanos facilitará á Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade con antelación suficiente - **con carácter xeral, cun mínimo de 24 horas á súa utilización** – a **relación dos espazos, datas e horas de utilización de cada un deles**, para os efectos de efectuar a oportuna limpeza e desinfección.

5.- RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS PREVENTIVAS PARA AS PERSOAS PARTICIPANTES NOS PROCESOS SELECTIVOS.

5.1 TRIBUNAIS

As persoas integrantes dos tribunais de selección deberán manter as medidas xerais que garantan a máxima seguridade sanitaria.

En relación ás reunións e actividades inherentes á súa condición, aplicaranse as seguintes recomendacións e medidas:

- Limitaranse ao imprescindible as reunións presenciais. Primarán as reunións virtuais ou *online*, sempre que as condicións de seguridade e debida confidencialidade que require o proceso así o permitan. **Terá necesariamente carácter presencial a reunión de constitución do órgano de selección, a de validación das preguntas candidatas de exame así como a validación da impresión de proba do exame.**
- Os espazos deberán manter os criterios de distancia interpersonal de 2 metros e as indicacións de hixiene contidas neste protocolo.
- Durante o desenvolvemento das sesións de tribunal, será obrigatoria a utilización por parte de todos os asistentes de **máscara cirúrxica** así como a realización dunha **frecuente hixiene de mans**.

- A sesión de **CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL así como de VALIDACIÓN DAS PREGUNTAS CANDIDATAS DE EXAME** deberá desenvolverse de forma presencial, nun espazo físico que garanta as seguintes condicións: unha distancia interpersoal de 2 metros; o espazo deberá dispor de ventilación mecánica ou natural. Durante o desenvolvemento de cada reunión deberá efectuarse a ventilación do espazo ocupado **durante 10 minutos cada hora**.
- Antes do inicio de cada sesión, os membros dos tribunais deberán proceder á substitución da máscara que porten así como, de ser o caso, á súa renovación transcorridas catro horas continuadas de utilización.

Para tal efecto, o órgano convocante **porá á disposición dos membros dos tribunais máscaras cirúrxicas e dispensadores con solución hidroalcohólica**.

- Dadas as dimensións do espazo, o aforo máximo na **SALA DE IMPRESIÓN** é de dúas persoas. Excepcionalmente, **e polo tempo mínimo imprescindible para a validación da impresión de proba**, o aforo poderá ser de catro persoas.

A permanencia no interior desta sala deberá estenderse polo menor tempo posible, respectando a distancia interpersoal de 2 metros e o espazo, durante os labores de impresión, deberá estar permanentemente ventilado.

- Antes e despois do seu uso procederase á ventilación e limpeza do material informático e de reprografía e o restante mobiliario existente na sala.

- Nesta sala é **obligatorio o uso de máscara tipo FFP2**, en todo momento.
- Os participantes nas reunións presenciais deberán **desinfectar as mans** con xel á entrada e saída das mesmas e, frecuentemente, durante o desenvolvemento destas.
- Recoméndase usar panos de papel como medida preventiva ante toses ou esbirros.
- Calquera membro dos tribunais que teña síntomas compatibles coa COVID-19 ou que poida cualificarse como caso posible, probable ou confirmado de contaxio, ou que sexa contacto estreito dun caso, deberá comunicalo ao responsable da organización do proceso para poder realizar unha adecuada xestión dos contactos estreitos, de ser o caso.
- Calquera membro dos tribunais que lle fose diagnosticada a enfermidade de COVID-19, e que non rematase o período de illamento, ou os que se encontran de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19, atendendo ás indicacións das autoridades sanitarias **NON poderá acceder de maneira presencial** a reunións ou actividades inherentes á súa condición de membro de tribunal.

5.2 ASPIRANTES

Para garantir a máxima seguridade sanitaria de todas as persoas aspirantes, establécense as seguintes recomendacións e normas para o desenvolvemento das probas:

- As persoas aspirantes deberán **consultar na páxina web** do Servizo Galego de Saúde a información relativa á proba selectiva que corresponda.
- Deberán respectarse os horarios de presenza no lugar das probas que lle foron asignados a cada aspirante.
- Accederase ao recinto **segundo as instrucións da organización**.
- As persoas **acompañantes** non poderán entrar no recinto onde se celebren as probas, salvo para o acompañamento daqueles/as aspirantes que, polas súas condicións físicas ou de saúde debidamente acreditadas, resulte imprescindible. No caso de que fose necesario, recoméndase que o/a acompañante non sexa maior de 65 anos ou con vulnerabilidade fronte ao COVID-19.
- Unha vez no interior do recinto, o/a aspirante deberá **dirixirse directamente á entrada da porta asignada, á hora que lle foi indicada (non antes) evitando o saúdo con contacto físico a outros/as aspirantes e a formación de grupos**. Para evitar riscos de contaxio, os/as aspirantes non se deterán arredor do recinto.

- No **interior** dos pavillóns de realización das probas, os/as aspirantes deberán gardar en todo momento a **distancia interpersonal de 2 metros**. No **exterior**, sinalaranse espazos individuais de espera cunha distancia interpersonal mínima de **1,5 metros**.
- Para o acceso ao interior dos pavillóns de realización das probas **NON se efectuará o chamamento individualizado dos/das aspirantes**, como era práctica habitual nos procesos convocados por este organismo. Os/as aspirantes serán convocados/as por franxas horarias.
- A acreditación para o acceso ao lugar de realización das probas efectuarase por código QR. Cada aspirante terá á súa disposición na Oficina Virtual do Profesional (FIDES/expedient-e) desde a data de publicación no Diario Oficial de Galicia da resolución pola que se fixe a data de exame, a **acreditación persoal con código QR**, que lle permitirá o acceso ao recinto de realización da proba de forma cómoda e áxil.
- Ademais, o/a aspirante deberá asistir ás probas co seu **documento de identidade** – DNI, pasaporte, NIE ou carné de conducir.
- Co obxecto de axilizar a entrada ao recinto, a persoa aspirante debe **ter a man** ambos documentos: **código QR e documento de identidade**.

- Será obrigatorio o **uso de máscara** no exterior e interior do recinto e mentres dure a proba. As persoas aspirantes deberán ir provistas dela para poder entrar, salvo causa médica xustificada, que deberá ser acreditada con informe facultativo. Tal circunstancia deberá ser posta en coñecemento da Subdirección Xeral de Selección de Persoal, encargada da organización das probas, á maior brevidade e en todo caso, **cunha antelación mínima de dez días hábiles** á data de celebración dos exames, a través do seguinte enderezo de correo electrónico: oposicions@sergas.es.
- O Servizo Galego de Saúde dará as oportunas instrucións ao/á aspirante sobre o procedemento a seguir neste suposto.
- Só se permitirá o acceso ao interior do lugar de realización dos exercicios con **máscara cirúrxica ou FFP2 sen válvula**. Por razóns de seguridade, **NON** estará permitido o acceso con **máscara hixiénica (de tea) ou FFP2 con válvula**.
- Por razóns de seguridade e hixiene e aos efectos de asegurar os tempos máximos de utilización das máscaras fixados polas autoridades sanitarias, os/as aspirantes no momento que se indique pola organización, antes do inicio das probas, deberán proceder á **renovación da máscara que porten mediante a substitución da mesma por unha máscara cirúrxica de novo uso**.
- Con tal fin, a organización facilitará a cada aspirante **tres máscaras cirúrxicas de novo uso** para a súa utilización e renovación.



- Aqueles/as aspirantes que desexen permanecer coa máscara que porten durante o desenvolvemento das probas, deberán proceder a colocar a máscara cirúrxica que se lles facilite pola organización **por enriba daquela**.
- A máscara deberá **cubrir o nariz e a boca, en todo momento, e non estará permitida a súa retirada agás para beber, polo tempo mínimo imprescindible para este acto**.
- Recoméndase, que cada persoa aspirante porte o seu xel hidroalcohólico para favorecer unha frecuente hixiene de mans, sen prexuízo de que o recinto disporá de dispensadores con **solución hidroalcohólica** ao alcance dos/das asistentes.
- Os postos de realización de exame estarán distribuídos de forma que se garanta unha distancia de seguridade mínima entre aspirantes de 3 metros.
- O/a aspirante deberá asistir á realización da proba co **material mínimo indispensable**. Este material irá nun só bolso ou mochila, de tamaño pequeno, que cada aspirante levará sempre consigo.
- **As pertenzas persoais situaranse no chan**. Non se poderán compartir bolígrafos ou outro material de escritura. A persoa aspirante deberá asegurarse de levar todo o necesario para a realización da proba.
- Ante calquera incidencia deberá informar ao persoal colaborador da organización.



- A persoa aspirante situará na **parte superior dereita da mesa o seu documento de identidade**, á vista, durante o desenvolvemento de todo o exercicio así como o código QR, que deberá conservar ata o remate das probas.
- Unha vez iniciada a proba, non se poderá abandonar o recinto ata pasados **30 minutos** desde o momento fixado para o comezo da mesma. No caso de que un/unha aspirante remate a proba, antes do fin do tempo fixado para a mesma, para o abandono do recinto deberá seguir en todo momento as instrucións do persoal colaborador.
- Durante a realización da proba **non se permitirá o uso de luvas**.
- **NON** estará permitido **comer** no interior do recinto, agás causa médica xustificada (diabetes e outras). Poderá traerse **bebida** debidamente protexida nun recipiente transparente para o seu control.
- Deberán seguirse as **instrucións da organización no uso de aseos** xa que contarán con aforo restrinxido. As persoas aspirantes no uso dos mesmos manterán en todo momento, coas outras persoas, a distancia interpersonal de seguridade. Seguirán o corredor seguro de acceso aos mesmos.
- Unha vez finalizada a proba, a **saída** das persoas aspirantes do lugar de realización de exame efectuarase de forma **escalonada**. Cada aspirante

permanecerá no seu posto ata que o persoal colaborador lle indique o momento da saída. Teranse en conta as sinalizacións dos percorridos.

- Na saída, a persoa aspirante achegarse con todos os seus efectos persoais e coa **máscara posta á mesa de control correspondente á porta pola que accedeu.**
- A continuación entregará a **folla de respostas** e a folla de acreditación con **código QR** ao persoal colaborador para a súa identificación e control de saída, mantendo en todo momento a distancia interpersoal.
- O persoal da organización extremará as medidas de hixiene na recollida da folla de respostas utilizando luvas de protección, ademais da máscara e pantalla facial.
- Os/as aspirantes deberán **abandonar as instalacións o máis axiña posible**, sen deterse a conversar, evitando calquera tipo de agrupación ou contacto.
- Coa finalidade de diminuír o intercambio de documentación, todos/as os/as aspirantes presentados ás probas selectivas terán á súa disposición na Oficina Virtual do Profesional (Fides/expedient-e) o **certificado de asistencia** ao exame, **a partir do día seguinte ao de realización dos exercicios**. Non se facilitará ningún certificado no lugar de realización das probas.
- Para a **xustificación de mobilidade**, a acreditación persoal con código QR xunto co documento identificador -DNI, pasaporte, NIE, carné de conducir- do/da aspirante e a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo

Galego de Saúde, pola que se publica a relación de aspirantes definitivamente admitidos no proceso selectivo servirá de xustificación oficial, no seu caso, para o desprazamento á celebración da proba do proceso selectivo.

- No recinto de realización das probas, as persoas aspirantes, disporán dunha **OFICINA DE INFORMACIÓN** que terá horario e aforo limitado para evitar a acumulación de persoas.
- No caso de que algún/algunha aspirante, durante a realización das probas, **aprecie síntomas compatibles coa COVID-19** deberá comunicalo ao persoal colaborador.

De darse este suposto, practicarase ao/á aspirante un test de antíxenos polos efectivos sanitarios do 061 desprazados ao lugar de realización das probas e seguiranse as indicacións do persoal sanitario sobre a continuidade do/da aspirante no proceso.

- Non poderán acceder ao exame aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.

5.2.1 ADAPTACIÓNS POR ESPECIAL VULNERABILIDADE FRONTE A COVID-19: OBRIGA DE COMUNICACIÓN.

1º Os/as **aspirantes inmunodeprimidos**.

2º As **aspirantes embarazadas**,

3º Os/as aspirantes que acrediten a **imposibilidade de uso de máscaras**,

4º Os/as aspirantes que **por razóns médicas deban inxerir alimento**,

5º Os/as aspirantes que presenten calquera outra circunstancia que supoña especial vulnerabilidade, deberán proceder da seguinte forma:

a.- Deberán poñer esta circunstancia en coñecemento da Subdirección Xeral de Selección de Persoal, encargada da organización das probas, **á maior brevidade** e en todo caso **cunha antelación mínima de dez días hábiles** á data de celebración dos exames, a través do seguinte enderezo de correo electrónico: oposicions@sergas.es.

b.- Deberán acreditar tal circunstancia a través de informe médico.

c.- O Servizo Galego de Saúde dará as oportunas instrucións ao/á aspirante sobre o procedemento a seguir nestes supostos.

Así mesmo, as aspirantes que requiran facer uso da **lactación materna** durante a realización dos exercicios deberán poñer esta circunstancia en coñecemento da Subdirección Xeral de Selección de Persoal, **á maior brevidade**, e en todo caso cunha **antelación mínima de dez días hábiles** á data de celebración dos

exames, a través do seguinte enderezo de correo electrónico:
oposicions@sergas.es.

Recoméndase a estas aspirantes a utilización do espazo exterior do recinto habilitado para o efecto, antes ou despois da realización da proba.

5.3 PERSOAL COLABORADOR

As persoas que interveñan como persoal colaborador dos procesos selectivos deberán manter as medidas xerais que garanten a máxima seguridade sanitaria.

En relación ás reunións e actividades inherentes á súa condición, establécense as seguintes recomendacións e normas:

- Limitaranse ao **imprescindible as reunións presenciais**. Primarán as reunións virtuais ou online.
- O uso das **máscaras é obrigatorio** tanto en espazos ao aire libre como en espazos pechados.
- Só se permitirá o acceso ao interior do lugar de realización dos exercicios con **máscara cirúrxica ou FFP2 sen válvula**. **NON** estará permitido o acceso con **máscara hixiénica (de tea) ou FFP2 con válvula**.

- Por razóns de seguridade e hixiene e aos efectos de asegurar os tempos máximos de utilización das máscaras fixados polas autoridades sanitarias, cada un/ha dos/das colaboradores/as deberá proceder á **renovación da máscara que porte mediante a substitución da mesma por unha máscara cirúrxica de novo uso.**
- Con tal fin, a organización facilitará a cada colaborador/a **tres máscaras cirúrxicas de novo uso** para a súa utilización e renovación durante o transcurso do tempo de realización das probas.
- Aqueles/as que desexen permanecer coa máscara que porten durante o desenvolvemento das probas, deberán proceder a colocar a máscara cirúrxica que se lles facilite pola organización **por enriba daquela.**
- A máscara **deberá cubrir o nariz e a boca, en todo momento**, e non estará permitida a súa retirada agás para **beber**, polo tempo mínimo imprescindible para este acto. **NON** estará permitido **comer** dentro do recinto de realización das probas.
- O persoal colaborador participante deberá **desinfectar as mans** con xel, á **entrada e saída** do lugar e realización das probas e de calquera outro **espazo pechado** no que desenvolva a súa actividade de colaboración e, frecuentemente, durante o desenvolvemento de cada unha destas sesións.
- Recoméndase usar panos de papel como medida preventiva ante toses ou esbirros.

- Durante o desenvolvemento das probas, a organización proverá de material de protección, máscaras e xeles hidroalcohólicos ao persoal en tarefas de colaboración.
- A **documentación informativa** do proceso achegarase vía **e-mail ou** estará á súa disposición en **formato dixital**.
- Recoméndase que o persoal colaborador encargado da vixilancia no proceso **sexa o mesmo** durante cada xornada.
- No recinto de realización das probas, **recoméndase evitar tocar elementos de uso común**. En caso de que sexa necesario, procurarase o seu uso con panos de papel ou luvas que se desbotarán despois do seu uso.
- Recoméndase o **uso preferente das escaleiras**, debendo realizarse limpeza adicionais en pasamáns. O uso do ascensor reservarase exclusivamente para as persoas con mobilidade reducida e mantendo en todo caso, a distancia mínima de seguridade.
- Recoméndase en corredores, escaleiras e acceso ao recinto **circular xunto á parede pola dereita**, deixando o lado esquerdo para o sentido contrario de circulación e mantendo en todo momento a distancia de seguridade, non formando grupos e elixindo as rutas máis curtas para calquera desprazamento.

Deberán seguirse en todo momento as instrucións da organización e os sinais indicadores.

- O material de oficina asignado a cada porta de realización de exames estará protexido en caixa de cartón. A manipulación de calquera outro material requirirá dunha correcta hixiene de mans.
- A tarefa de **distribución dos exemplares de exame** entre as persoas aspirantes asignarase, en cada porta, a un único colaborador/a, que deberá proceder ao reparto dos tres cuestionarios de exame aos/ás aspirantes. Previamente á distribución dos exemplares de cada exercicio deberá proceder á correcta hixiene de mans e posterior colocación de **luvas**, que deberá desbotar no contedor de residuos logo de finalizado o reparto de todos os exames de cada exercicio. Para o reparto dos cuestionarios do seguinte exercicio deberá empregar unhas **luvas novas**.
- Calquera colaborador que **teña síntomas compatibles coa COVID-19** ou que poida cualificarse como caso posible, probable ou confirmado de contaxio ou que sexa contacto estreito dun caso, deberá **comunicalo ao responsable da organización** do proceso para poder realizar unha adecuada xestión dos contactos estreitos, de ser o caso.
- Calquera colaborador que lle fose **diagnosticada a enfermidade de COVID-19** e que non rematase o período de illamento ou os que se encontran de corentena domiciliaria, por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou

diagnosticada de COVID-19, atendendo ás indicacións das autoridades sanitarias **NON poderá acceder de maneira presencial** a reunións ou actividades inherentes á súa condición.

- No caso de que algún colaborador/a, durante a realización das probas, aprecie síntomas compatibles coa COVID-19, deberá comunicalo inmediatamente ao persoal da organización para poder realizar unha adecuada xestión dos contactos estreitos, de ser o caso.
- Organizaranse **actividades formativas específicas online** para o persoal colaborador sobre o procedemento e medidas de seguridade e protección aplicables.

6.- MEDIDAS ADICIONAIS DE SEGURIDADE NO RECINTO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.

No recinto de realización dos exames correspondentes á fase de oposición, ademais dos espazos de adaptación habituais no desenvolvemento destas probas, previstos nas respectivas convocatorias, co obxecto de garantir a concorrencia en condicións de igualdade de todos/as os/as aspirantes, habilitaranse os seguintes **espazos diferenciados**, para dar resposta ás necesidades específicas derivadas do actual contexto sanitario:

a.- **Espazos de illamento** reservado para aquelas persoas que, de forma súbita, presenten síntomas compatibles coa COVID-19 durante a proba.

Este espazo será unha **sala** de uso **individual**, que disporá de **ventilación** adecuada e cunha **papeleira de pé con bolsa** onde tirar a máscara, se necesita a súa renovación, e os panos da man dun só uso. A sala deberá ser **ventilada, limpa e desinfectada antes e despois da súa utilización**.

Se algún aspirante iniciase síntomas no interior do recinto adoptaranse as medidas procedentes para que abandone, de forma inmediata, a sala de celebración do exame e se sitúe neste espazo especificamente habilitado para tal fin.

Para que un/unha aspirante con síntomas poida continuar o exame, o persoal médico do 061 valorará se os síntomas da persoa son compatibles coa COVID-19. Terá á súa disposición test de antíxenos co obxecto dunha mellor diagnose.

Se o resultado do test é negativo e se estima pertinente a continuidade no proceso, o tempo investido na realización desta proba non reducirá o tempo de realización de exame do/da aspirante afectado por esta incidencia.

En calquera outro caso a persoa contactará co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia 900 400 116. Se a persoa é de fora da Comunidade autónoma chamará ao teléfono 881 002 021. No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar, intervirá o 061.

b.- Un espazo, con suficiente ventilación, para os/as **aspirantes inmunodeprimidos con especial vulnerabilidade e embarazadas**.

Os/as aspirantes que se sitúen neste espazo terán a posibilidade de dispoñer, se o prefiren, de máscaras **tipo FFP2, en vez das cirúrxicas**.

Ao **persoal colaborador** asignado en funcións de vixilancia nesta zona facilitaráselles tamén unha **máscara tipo FFP2 e pantalla facial**.

c.- Ademais da sala habilitada no exterior para tal fin, dispórase dun **espazo interior para o exercicio da lactación**.

PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN PARA A LACTACIÓN MATERNA DURANTE A REALIZACIÓN DA PROBA.

A aspirante que requira a necesidade de facer uso da lactación materna durante a realización da proba, deberá telo solicitado previamente, cunha antelación mínima de 10 días á data de celebración das probas, a través do seguinte enderezo de correo electrónico: oposicions@sergas.es.

O espazo interior deseñado para a lactación materna contará con:

- Batas dun só uso.*
- Xel hidroalcohólico.*
- Papeleira de pé*
- Panos de man dun só uso.*
- Sinalización de distancia de seguridade.*
- Máscaras cirúrxicas*

O procedemento será o seguinte:

A persoa que acompaña ao menor deberá comunicar na OFICINA DE INFORMACIÓN-INCIDENCIAS situada no exterior dos pavillóns a súa necesidade de facer uso da lactación materna indicando apelido e nome da aspirante, nai do menor.

O persoal responsable da OFICINA DE INFORMACIÓN-INCIDENCIAS, identificará ao acompañante cuxos datos figurarán no correspondente parte de incidencia do proceso, e lle será facilitada unha bata dun só uso, indicándolle a porta de entrada pola que accederá ao espazo destinado para a mesma, situado no interior do recinto.

A persoa acompañante, obrigatoriamente, deberá manter as medidas xerais de hixiene respiratoria, uso de máscara cirúrxica e hixiene de mans. Facilitaráselle na OFICINA DE INFORMACIÓN-INCIDENCIAS unha máscara cirúrxica de novo uso para substituír ou poñer por enriba da que leve posta.

Desde a OFICINA DE INFORMACIÓN-INCIDENCIAS indicárase ao persoal coordinador da zona correspondente á ubicación da aspirante, que proceda a comunicar a esta, a necesidade de uso da lactación materna.

A aspirante procederá, no uso da lactación materna, á correcta hixiene respiratoria, uso de máscara cirúrxica, hixiene de mans e usará unha bata dun só uso, que desbotará unha vez rematada a mesma, no contedor destinado a tal fin.

A organización procederá á correcta limpeza do espazo, unha vez rematado o seu uso.

Deberán respectarse os aforos máximos en función da dimensión deste espazo reservado a tal fin.

d.- Un espazo para aqueles/as aspirantes que por causa médica **non poidan permanecer sen inxerir alimento durante a realización das probas** (suposto de diabetes e calquera outra circunstancia debidamente acreditada polo aspirante nos termos e prazo que se indican neste protocolo).

O persoal colaborador asignado a esta zona estará dotado de **máscara FFP2 e pantalla facial**.

e.- Un espazo individual para a realización das probas por parte **daqueles/as aspirantes que** por causa médica debidamente acreditada **non poidan usar máscara**.

Habilitarase o número de espazos en función do número de solicitudes debidamente acreditadas que fosen estimadas.

O persoal colaborador en funcións de vixilancia neste espazo usarán o seguinte equipo de protección, que lles será facilitado pola organización: **bata (de tecido sen tecer desbotable), máscara tipo FFP2, luvas e pantalla facial**.

7.- MEDIDAS DE SEGURIDADE DE VEHÍCULOS E TRANSPORTE DE MATERIAL.

A regra principal é minimizar ou evitar o contacto coas persoas, obxectos e superficies.

Recoméndase os desprazamentos cun só ocupante por vehículo. Se non é posible, usarase en todo momento a máscara cirúrxica e a distancia interpersonal.

É imprescindible a limpeza no interior do vehículo antes e despois de cada uso.

Recoméndase non transportar a carga e a persoa no mesmo habitáculo. Preferiblemente a carga deberá ir sempre no maleteiro.

Durante a carga e descarga aplicaranse os criterios de distanciamento social, mantendo en todo momento a distancia interpersonal que se indica neste protocolo, é obrigatorio o uso de máscara cirúrxica; antes e despois da descarga usaranse luvas realizando unha correcta hixiene de mans con xel hidroalcohólico. Evitarase en todo momento tocar a cara coas mans ou as luvas.

A carga e descarga de material farase nas zonas próximas á entrada dos edificios evitando así longos percorridos que aumentan o risco dunha posible exposición.

8.- MEDIDAS DE PROTECCIÓN DO PERSOAL DE SEGURIDADE.

Os efectivos de seguridade que participen no control de acceso das persoas aspirantes ao interior do recinto de realización das probas deberá dispoñer das seguintes medidas de protección:

- Máscara FFP2.
- Luvas, que se desbotarán logo de finalizado o control de acceso
- Hixiene frecuente de mans con xel hidroalcohólico.

9.- MEDIDAS DE SEGURIDADE AO REMATE DA PROBA.

- Rematada a proba, o material de oficina quedará enriba da mesa en cada porta. O persoal colaborador abandonará o recinto de maneira ordenada e mantendo sempre a distancia de seguridade evitando calquera tipo de interacción social. Manterase en todo momento a máscara protectora.
- Na custodia da proba, os membros do Tribunal, se teñen que compartir material de oficina, realizarán unha frecuente hixiene de mans.
- O persoal da organización dará por rematada a proba. Recoméndase esperar a manipular o material usado na proba, como mínimo 24 horas despois da realización da mesma.